

CONCLUSIÓNS

XORNADA SOBRE O CONSUMO CONSCIENTE DE PRODUTOS FORESTAIS

- 1) O consumo responsable pasa por facernos conscientes do noso poder transformador a través da nosa compra. Esixe esforzo, pero é satisfactorio xa que se ve unha coherencia entre os nosos principios éticos e solidarios e a nosa actividade como persoas consumidoras. Pasa por plantexarnos unha redución no noso consumo para deixar que outros cheguen á satisfacción das necesidades básicas. Non só é unha responsabilidade do individuo senón da colectividade a través de asociacións onde apoiarnos e esixir con forza esa mesma actitude ás administracións, sindicatos, empresas, institucións educativas, etc.
- 2) A certificación forestal do FSC é unha ferramenta imprescindible para garantir que os produtos forestais dispoñibles no mercado procedan de bosques nos que se leva a cabo unha xestión forestal sostible, é dicir aquela economicamente viable, socialmente beneficiosa e ambientalmente responsable.
- 3) Todo consumo ten un impacto no medio, un impacto que non sempre ten que ser sempre negativo, é máis, un consumo responsable é precisamente aquel que persegue xerar un impacto positivo no noso ámbito. Pero todo consumo require previamente dun responsable informado. ¿Como facelo? A través do consumo de produtos que nos informen mediante certificación e/ou esixindo a quen nos vende que nos informe no posible sobre a orixe do produto e materias primas utilizadas. O que sumando unhas poucas vontades, pode xerar un efecto multiplicador na cadea de produción sobre a necesidade de informarse sobre a orixe e impacto dos produtos. E todo isto non debe ser interpretado máis que como unha antesala a un cambio substancial na nosa cultura de consumo que sen renunciar a el, valore os beneficios económicos, sociais e ambientais no seu conxunto.
- 4) Conxugar Comercio Xusto e Certificación Forestal é bo para o bosque e para a sociedade. Permite sumar esforzos e dar unha dobre garantía á persoa consumidora.
- 5) A aplicación práctica da certificación forestal e do comercio xusto, mellora a situación dos produtores en orixe, aínda que a día de hoxe nos países empobrecidos supón un esforzo adicional.
- 6) O Manexo Forestal Comunitario configúrase como unha alternativa de mellora do benestar das poboacións rurais, contribuindo á diminución da pobreza e, ao mesmo tempo, coma unha contribución significativa á conservación dos bosques tropicais, formulando alternativas á súa deforestación e degradación.
- 7) É necesario dispor de unha adecuada cadea de comercialización para que o Manexo Forestal Comunitario, baixo enfoque ecosistémico, con participación intercultural e enfoque de xénero consiga insertarse na economía de mercado.
- 8) Aspectos como o fortalecemento organizacional (co aumento das capacidades dos diversos eslabóns da cadea), a necesidade de diversificación de especies manexadas, o acceso aos mercados, incoherencias na aplicación das leis, o abuso das multinacionais ou a titularidade da terra fórmulanse nos diversos casos analizados como os verdadeiros pescozos de botella para o seu desenvolvemento de moitas comunidades.
- 9) Ferramentas de mercado como a Certificación Forestal e o Comercio Xusto constitúen aliados do Manexo Forestal Comunitario, contribuindo, en consecuencia, aos obxectivos de diminución da pobreza e a conservación dos bosques comunais tropicais.

ORGANIZA:

A COVA DA TERRA
Produtos artesanais, ecolóxicos e de proximidade.
Comercio alternativo, xusto e solidario.
Rúa Mércas, n. 12 baixo 37002 LUGO
Tf. 982 230 211 www.covadatterra.org



GAESAL CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E EMPREGO
INICIATIVAS DE EMPREGO RURAIS

FINANCIA:

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Exteriores
e coa Unión Europea



cooperación galega



COLABORA:

USC
UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

